

**ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN MESTRE INSTALACIÓN ELEMENTOS DE  
CARPINTERÍA DO “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE GOIÁNS IV- BOIRO”**

**SESIÓN DO 29/11/2024**

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Alberto García Sánchez

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:00 horas do 29/11/2024, reúnense os membros do tribunal designado para a selección dun mestre da especialidade de instalación de elementos de carpintería para o “Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV-Boiro”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a resolución de posibles alegacións presentadas á valoración do currículo, outorga-las puntuacións definitivas e realizar a proposta de nomeamento.

**1.- ALEGACIÓN PRESENTADA:**

Consta unha alegación presentada polo candidato José Antonio González Iglesias na que solicita que se lle puntúe a experiencia laboral como carpinteiro por conta allea e por conta propia, achegando documentación acreditativa da mesma.

Tendo en conta que esta experiencia laboral foi invocada no momento de presentación de instancias, procede estimar parcialmente a alegación presentada polo aspirante e, polo tanto procede puntuar o apartado de experiencia profesional fora do ámbito de obradoiros e outros relacionados con 3 puntos.

No caso Asemade solicita que se teña en conta a súa condición de discapacidade. Este feito non é valorable neste proceso selectivo, polo que se desestima esta alegación.

**2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:**

O tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións finais, segundo se detalla a continuación por orde decrecente de puntuación total:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL
JOSE ANTONIO GONZALEZ IGLESIAS	0	0	3	0,60	6	9,6
ABEL TARRIO ABUIN	0,05	1,1	3	0	5	9,15



### 3.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

O tribunal acorda por unanimidade propoñer a contratación do candidato JOSE ANTONIO GONZALEZ IGLESIAS como mestre da especialidade de instalación de elementos de carpintería para o "Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV-Boiro".

Asemade se propón como suplentes a ABEL TARRIO ABUIN, en caso de ser necesario:

### 4.- ESPECIFICACIÓNS DESTE PROCESO SELECTIVO:

Rematado este proceso de selección, o Concello de Boiro remitiralle o resultado á dirección territorial co obxecto de que esta verifique o cumprimento de todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

Se algunha das persoas candidatas propostas non cumprira os ditos requisitos, a dirección territorial comunicarllo a este concello para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:15 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

#### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Alberto García Sánchez

